

OS COTOS



210 Folla
informativa para
a comunidade
cristiá

AGOSTO
2023



NA MEMORIA AGRADECIDA POLO CAMIÑO COMPARTIDO

Andrés,

párroco d' Os Cotos

*« Combatín
unha loita brillante,
rematei a miña
carreira, gardei a fe.
O que me resta
é a coroa da xustiza
que me está
reservada.*

*E o Señor,
que é xuíz xusto,
hama entregar
aquele Día. »*

(2 Tim 4, 7-8a)



Por tanto, por todo,
Graciñas Andrés!

"Un contiño para vivir"

Dende a Unidade Pastoral de Os Cotos, queremos achegar o noso pesar, e unha fonda e agarimosa aperta ao noso querido Andrés, confiando no Deus que é Pai e Nai. Agardamos para el unha esperanza de VIDA RESUCITADA.

Dende esta terra de Os Cotos, que el compartiu nos últimos dez anos, queremos acompañar con estas palabras, e agradecémoslle atopar nel a un servicial párroco, a un bo crente, a un solidario veciño e a un sincero amigo.

E aínda que a el non lle gustaban as fotos, así o lembramos.

Que o Señor sexa hoxe e sempre a súa man.

Grazas

Estas palabras con esta foto foron nun bolsillo con Andrés no seu último camiño cara a Pascua. Quixemos que el se levara de nós este agradecemento pois os seus anos a nosa beira valeron a pena.

CONSELLO



"A vida dos que nos deixaron,
perdura na memoria dos vivos"

Cicerón



ANDRÉS FERNANDO FUERTES PALOMERA



Andrés naceu e foi ordenado sacerdote no seu pobo de A Cañiza e actualmente era na diócese, coengo do cabildo catedralicio de Tui, delegado diocesano de Patrimonio Cultural e Arte Sacro, así como director do Museo Diocesano en Tui, ademais de párroco na Unidade Pastoral de Os Cotos (Fornelos, Calvos, Estacas, Verducido, Traspuelas, Moscoso, San Vicente de Oitavén, Ventín, Xunqueiras e A Laxe).



Fai moitos anos, e así o recordan xeracións de sacerdotes xovenes: vicerrector, profesor, formador e administrador do seminario menor de Tui (1978-1992).

Licenciouse en Dereito Canónico e realizou un máster en Restauración e Rehabilitación de Patrimonio.



Despois dos seus estudos en Madrid (1996), atendeu as parroquias de Cristiñade, Guláns e Armoso.

En 2006 foi nomeado párroco de Santa María de Castrelos, exercendo á vez de secretario da Comisión de Asuntos Económicos, Xuíz do Tribunal Eclesiástico e profesor do Instituto de ciencias Relixiosas San Agustín. Foi tamén secretario diocesano para a Visita Pastoral e membro da Comisión de Límites Parroquiais.

O 28 de setembro de 2013 foi a presentación de Andrés en Os Cotos, compartindo con nós esta etapa da vida da que se sentía moi orgulloso e satisfeito.

Faleceu o 30 de Xuño aos setenta anos na residencia sacerdotal Nosa Señora da Guía no bispado. Só uns días despois, o 2 de Xullo cumpriría o 45 aniversario da súa ordenación sacerdotal.

Un servicial párroco, un bo crente, un solidario veciño e un sincero amigo. Ser o noso párroco durante dez anos foi un agasallo para nós, e non só como párroco senón como un máis da nosa familia. Boas veces nos acompañou.

Hoxe, os recordos e as anécdotas que del temos son unha forma de atopar consolo e alento na súa perda, por iso a pesar da tristura, sempre estaremos agradecidos por telo coñecido.

Nunca te esqueceremos.

Alguén dixo unha vez que as boas persoas nunca se van para sempre, pois permanecen eternamente no corazón dos que tanto as quixeron.